



CONCELLO DE OLEIROS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE-ANO 2019.

Ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 20/08/2019 aprobou as Bases específicas e convocatoria de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte-Ano 2019.

(Publicación Bases reguladoras:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=55803&folderId=124734&name=DLFE-30620.pdf)

1. Obxecto.- Promoción e impulso de actividades culturais, educativas, deportivas e xuvenís.

2. Beneficiarios.- Entidades veciñais, deportivas, culturais, xuvenís, ANPAS e outras entidades sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2018 e que cumpran os demais requisitos esixidos nas Bases, así como os Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros.

3. Aplicacións presupostarias e importe da convocatoria.- O importe total da convocatoria é de 273.200,00 euros, que se aplican ás seguintes partidas presupostarias:

- 2018/80.3340.48900 (*Cultura. Promoción cultura. Outras transferencias a Entidades*) .- 48.000 euros.
- 2018/80.338.48900 (*Cultura. Fiestas populares. Transferencias corrientes a Entidades*) .- 3.000 euros.
- 2018/82.3260.48905 (*Enseñanza.Serv.complem.Transf.ctes.APASy colegios*).- 135.000 euros.
- 2018/81.341.48903 (*Deportes. Promoción y fom.. Transferencias entidades deportivas*).- 87.200 euros.

4. Presentación de solicitudes.-

LUGAR: Rexistro xeral do Centro Cultural "A Fábrica". Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo-Oleiros.

PRAZO: desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o 30 de setembro de 2019.

5. Criterios de selección.- Os criterios de selección das solicitudes serán os establecidos na base VII das Bases reguladoras específicas.

6. Prazo de xustificación.- O prazo para a presentación da xustificación rematará o 28 de febreiro de 2020.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde.